



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA  
LINGUA E LITERATURA GALEGA  
1º Educación Primaria

## Táboa de contidos

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	2
2. Avaliación e cualificación.....	3
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).....	4
4. Información e publicidade.....	4

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	CCL CSC CCEC CAA
B.2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	CCL CD CSC CAA CSIEE
B.2.5. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	LGB2.5.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.	CCL CAA
B.3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	CCL CD CSC CAA CSIEE
B.3.8. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.8.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	CCL CS CSIEE
B4.3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.	
B.5.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	LGB.5.3.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	CCL CS CCEC

<b>2. Avaliación e cualificación.</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: terase en conta a elaboración diaria das tarefas propostas así como o interese por facelas ben.</p> <p>Instrumentos: un breve test semanal online creado con Google Forms para comprobar o desenvolvemento correcto do traballo semanal.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para a obtención da nota final do curso terase en conta o 1º trimestre cun 40%, o 2º trimestre cun 40% e o 3º trimestre cun 20%.</p> <p>Así mesmo, por contemplar unha avaliación continua, no caso de ter un suspenso na 1ª avaliación e un aprobado na 2ª, considéranse acadados os mínimos necesarios para a promoción.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro:</b>	<p>Por aplicar un carácter de avaliación continua e que os contidos, obxectivos, estándares e competencias se poden traballar no vindeiro curso, non se concibe unha proba extraordinaria para setembro.</p>
<b>Criterios de avaliación:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración das tarefas propostas polo profesorado.</li> <li>- Completar o test/enquisa semanal online de avaliación sobre o traballado na semana.</li> <li>- Comunicación diaria e/ou semanal co titor para informar sobre os avances, dificultades ou problemas atopados á hora de levar a cabo o traballo proposto.</li> </ul>
<b>Criterios de cualificación:</b>	<p>60% elaboración de tarefas.  30% test/enquisa online.  10% informe/comunicación das familias co titor.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre. (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades:</b>	Debido ó curso que se está a traballar, as actividades están centradas na adquisición e mellora do proceso de lectoescritura para desenvolver lectores competentes así como mellorar o traballo de grafomotricidade.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	Como todo o conxunto do alumnado ten un acceso mínimo a internet e ó ter enviados os libros para as casas antes do peche dos centros, semanalmente realízase o envío dun horario/esquema co traballo pautado para cada día. Neste esquema contéplase un traballo semellante ó que se podería levar a cabo nunha aula ordinaria, facilitando vídeos explicativos para unha mellor comprensión dos conceptos e unha proposta de tarefas adicionais máis lúdicas e amenas para complementar o traballo curricular levado a cabo.
<b>Materiais e recursos:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Libro de texto.</li> <li>- Enlaces a vídeos online de índole educativa meramente complementarios e aclaratorios.</li> <li>- Libreta ou folios para realización de determinadas tarefas complementarias ou modificadas das propostas no libro.</li> </ul>

### 4. Información e publicidade.

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	As comunicación ás familias fanse vía Abalar móbil ao igual que se leva facendo dende o comezo do curso.
<b>Publicidade</b>	Este documento, igual que as tarefas semanais propostas para o alumnado estará colgado na páxina web do centro <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/</a>